

## ¿Cales son os prazos?

As Solicitudes de Axuda poderán presentarse ao longo de todo o período de vixencia do Programa LEADER Galicia 2014-2020.

### Anualmente:

#### 1º Prazo:

- Presentación: ata o 31 de Xaneiro de 2023

### Solicitud:

Por sede electrónica:

<https://sede.xunta.gal>

MR701D - Ayudas LEADER

## ¿Que custos son subvencionables?

Aqueles considerados necesarios para cumplir coa finalidade do proxecto, tales como: a construcción e mellora dos bens inmóbiles, a adquisición de maquinaria, a adquisición de equipamento novo, a adquisición de terreos, a adquisición de inmobles, os investimentos intanxibles, os custos xerais vinculados ao investimento etc ...

Non serán custos subvencionables: a mera reposición do equipamento, as obras de mantemento das instalacións, os investimentos que substitúan a outros que fosen financiados por un fondo comunitario, os gastos de funcionamento da actividade subvencionada e o IVE recuperable polo promotor do proxecto.

## ¿Cal é a intensidade da axuda?

### Segundo a nosa estratexia:

- Para proxectos produtivos: do 25% ao 50% dos gastos subvencionables.
- Para proxectos non produtivos: do 40% ao 90% dos gastos subvencionables.

### Cos seguintes límites:

- 200.000 € por proxecto.
- 200.000 € por promotor durante tres exercicios fiscais.



## ADR Comarca de Lugo

Rúa Diputación, nº 14

CP 27.220, Friol (Lugo)

Tlf: 982 23 80 00

E-mail: [info@comarcadelugo.gal](mailto:info@comarcadelugo.gal)

[www.comarcadelugo.gal](http://www.comarcadelugo.gal)



AXENCIA GALEGA  
DE DESENVOLVEMENTO  
RURAL



Fondo Europeo Agrícola  
de Desenvolvimiento Rural:  
Europa inviste no rural



MINISTERIO  
DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

GDR 4 comarca de  
Asociación para o  
Desenvolvemento  
Rural da lug



## ¿Quen somos?


Somos a Asociación para o Desenvolvemento Rural da Comarca de Lugo, constituída o 3 de Xuño de 2016 e aberta a integrar calquera outra entidade asociativa que comparta os nosos obxectivos.

A nosa vocación é instrumentar o desenvolvemento rural do noso territorio como promotor de todo tipo de proxectos que nos potencien como comarca.

Ademáis, ao estar constituidos como Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR-04), tamén somos o axente encargado de xestionar os fondos LEADER no noso territorio, xunto coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), dependente da Xunta de Galicia.

## ¿Cal é o noso territorio?

Forman o noso eido de actuación os concellos de: Friol, Rábade, Outeiro de Rei, Castroverde, Guntín, O Corgo e a zona rural de Lugo.



## ¿Que é a iniciativa LEADER?

É unha medida a nivel europeo, baseada no desenvolvemento local participativo e dotada de fondos estruturais.

Está deseñada para axudar aos axentes do mundo rural a potenciar a súa rexión, e centra o seu obxectivo en promover o desenvolvemento local nas zonas rurais.

## ¿Quen se pode beneficiar?

### Poden ser beneficiarios das axudas:

- As persoas físicas ou as persoas xurídicas de carácter privado.
- As entidades públicas de carácter local (concellos, mancomunidades, consorcios ...)
- As comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

## ¿Cómo clasificamos os proxectos?

### Proxectos produtivos:

Aqueles que supoñen a realización dunha actividade económica, tendentes á producción de bens ou servizos e que implican creación e/ou mantemento do emprego.

### Proxectos non produtivos:

Aqueles promovidos por entidades sen ánimo de lucro, entidades públicas locais ou comunidades de montes, que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica e teñan un interese público ou colectivo.

## ¿Que requisitos existen?

### Os promotores presentarán proxectos:

- Localizados no eido de actuación da ADR Comarca de Lugo.
- Viables técnica, económica e financeiramente, no caso de ser de natureza produtiva.
- Axustados á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- Finalistas, é dicir, que na data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados, cumpran os obxectivos e funcións para os que foron aprobados.
- Non iniciados con anterioridade a data da Solicitud de Axuda.

## ¿É compatible con outras axudas?

Estas axudas son incompatibles, en xeral, con calquera outra que, para o mesmo proxecto e finalidade, presente cofinanciamento comunitario (EIE).

## ¿Que proxectos se subvencionan?

### Proxectos produtivos:

- Investimentos na creación, ampliación e modernización de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias.
- Investimentos na mellora da eficiencia enerxética das explotacións agrarias e no uso de enerxías renovables.
- Investimentos no inicio de actividades agrícolas, gandeiras ou forestais que supoñan unha actividade complementaria da unidade familiar.
- Investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios.
- Investimentos en diversificación de explotacións agrarias cara a actividades complementarias non agrarias: artesanía, agroturismo, servizos educativos e culturais etc...
- Investimentos en transformación e comercialización da madeira como materia prima anterior á primeira transformación industrial.

### •

### Proxectos non produtivos:

- Investimentos na creación, mellora ou ampliación de servizos para a poboación rural.
- Actividades recreativas e culturais.
- Investimentos en infraestruturas a pequena escala.
- Investimentos no mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural ou cultural das poboacións ou das paisaxes.

